

MANUAL PARA ESTUDANTES

2019/2020

Delegación de Estudantes
Lynn Margulis

ÍNDICE

INTRODUCIÓN 1

OS PASOS BÁSICOS DE CALQUERA ESTUDANTE DE BIOLOXÍA 2

- Secretaría Online 2
- Tarxeta de Estudante (TUI) 3
- Creación dunha conta de correo @uvigo.es 3
- Faitic 6
- Horarios 6
- Elección de delegado/a 7
- Plan de Acción Titorial: PAT 7
- Comunicación dentro da clase 7

FACULTADE DE BIOLOXÍA: ONDE ESTÁ CADA COUSA? 8

- Mapa 8
- Servizos administrativos 8
- Cafetería e comedor 9
- Bloques de aulas e laboratorios 9
- Biblioteca 9
- Reprografía 9
- Salón de actos, salón de grados, sala de xuntas 10

OCIO NO CUVI: NON TODO VAI SER ESTUDAR, NON? 11

- Bubela 11
- Extensión Universitaria 11
- Deportes 12
- Voluntariado 12
- Centro de Linguas: idiomas 12

COMUNICACIÓN: CÓMO ME ENTERO DO QUE PASA NO CUVI? 14

- Listaxes de correo 14
- Redes sociais 14
- Taboleiros de anuncios 14

REPRESENTACIÓN: COMO FAGO VALER OS MEUS DEREITOS? 15

- Delegacións de estudantes 15
- Consellos de departamento 15
- Xunta de Facultade 16
- Claustro Universitario 17

DELEGACIÓN DE ESTUDANTES: AXUDANDO AO ESTUDANTADO 18

- Préstamos 18
- Asignación de taquillas 18
- Actividades 19
- Clubs 19
- Comunicación 19

INTRODUCIÓN

Boas, futuro/a biólogo/a! Se todo vai ben, pasarás polo menos catro anos estudando bioloxía nesta Facultade. Catro anos dan para facer moitas cousas: con esta guía pretendemos que aproveitedes o tempo ao máximo e poidades desfrutar de tódalas facilidades que a Universidade pon á vosa disposición.

Este libriño pretende ser o documento de referencia para cando teñades algunha dúbida sobre cousas típicas da Universidade. Ao estar redactado por estudantes, non esperedes que sexa infalible; calquera erro que detectedes, ou se botades en falla unha sección, comunicádello a delm@uvigo.es.

Moita sorte, e... a biologuear!

OS PASOS BÁSICOS DE CALQUERA ESTUDANTE DE BIOLOXÍA

- Secretaría Online

Primeiro, imos diferenciar entre secretaría online e secretaría virtual (á segunda accédese dende a primeira, verémolo máis adiante). Para acceder á secretaria online da Universidade de Vigo necesitas ter unha conta de usuario. Na actualidade as contas créanse de forma automática para os estudantes, así que non deberías ter que creala:

1. Accede á secretaría online (https://secretaria.uvigo.gal/).
2. Chega con que solicites recuperar os teus datos de acceso (premendo na ligazón "Recuperar datos de acceso") e introduzas o teu enderezo de correo electrónico.
3. Se se produciu algún erro e a túa conta non se creou automática tes a opción de creala ti mesmo dende a páxina de inicio da secretaría online (premendo na ligazón "Crear conta").

Unha vez na secretaría online, recomendámosvos que perdades algo de tempo navegando entre os diferentes menús que vos ofrecen. Algunhas opcións poderían soarvos a chino agora mesmo, pero quizais vos sexan interesantes nun futuro.

Ímonos centrar agora na opción de secretaría virtual, a onde se accede pinchando na opción de acceso á *secretaría virtual do estudante/automatrícula*. No menú da esquerda podedes ver diferentes opcións, tamén vos recomendamos que naveguedes por elas.

Nesta web é onde fixestes a matrícula para acceder ao grao en Bioloxía, e tamén será onde fagades a matrícula o resto de cursos.

Podedes acceder ao voso expediente (notas) no menú da esquerda, pinchando en *consulta do expediente*. As notas de cada materia estarán dispoñibles cando o/a profesor/a as suba, o cal adoita coincidir co final do cuadrimestre (existe unha data límite de entrega de actas, na cal todo o profesorado debería ter xa subidas as notas do seu estudantado).

Outra opción que vos da esta páxina é a de obter a vosa folla de liquidación de prezos públicos: é dicir, o xustificante de que estades matriculados en bioloxía porque pagastes as taxas correspondentes. É coma unha factura, e serviravos para xustificar a vosa matrícula se o necesitades (por exemplo, para pedir unha bolsa de estudos). Para acceder a ela, no menú da esquerda tedes que pinchar en *Secretaría→ Ver conta*.

Tamén podedes usar esta páxina para activar as Notas por Móbil, que non é máis que un servizo co que cando un profesor suba as notas oficiais á secretaría virtual, chegaravos un SMS coas mesmas. Podedes atopar esta opción en *Secretaría→ Notas por móbil*.

Estas son máis ou menos as funcións principais para as que ides usar as secretarías online e virtual. Tamén vos chegará en terceiro unha notificación para facer a enquisa de avaliación do grado, que se fai nesta plataforma, pero xa vos explicarán detalladamente entón como funciona.

- ### Tarxeta de Estudante (TUI)

Para solicitar a TUI terás que realizar os seguintes pasos:

1. **Comproba que tes unha conta de usuario na Secretaría online**. Vimos no apartado anterior como se creaban as contas na secretaría online.
2. **Comproba como se vai a emitir a túa tarxeta**. Na sección "A miña conta" → "Tarxetas Universitarias" da túa secretaría online terás un listado coas TUI emitidas e a opción de comprobar os datos cos que se emitirá a nova. Ten en conta que só se emitirán 2 TUI gratuítas por ano académico.
3. **Achégate a unha das oficinas do Banco Santander do Campus** (a do CUVI está na praza Miralles) e nuns minutos terás a túa tarxeta. Non é preciso que aportes ningunha fotografía, xa que se che tomará na propia oficina.
4. Ademais, poderás acceder á TUI dende a *app* da UVigo (falaremos dela máis adiante).

IMPORTANTE: Durante o período de matrícula (segunda quincena de xullo e setembro) os puntos de emisión moveranse das oficinas do Banco Santander a un local específico de emisión da TUI. Estes locais son:

- **Ourense:** local denominado "Pavillón Estudantes", anexo á oficina do banco
- **Pontevedra:** aula denominada "Observatorio ambiental", na Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal
- **Vigo:** Sala II do edificio Miralles
- **Vigo:** Escola de Enxeñaría Industrial, rúa Conde de Torrecedeira nº 86

- ### Creación dunha conta de correo @uvigo.es

Seguramente xa tes unha conta de correo que usas habitualmente, e pensarás: para que quero outra?

Ben, unha grande parte do profesorado prefire comunicarse mediante o correo oficial da UVigo, para manter a confidencialidade co estudantado (non queren ter os vosos correos persoais, vaia). Ademais, de cara aos cursos máis avanzados, cando vos teñades que comunicar cunha empresa para facer as prácticas externas ou incluso para buscar un mestrado onde continuar os vosos estudios, é moito máis profesional enviar un correo dende a conta carolina@alumnos.uvigo.es que dende lakarolshita_98@gmail.com. Parece unha tontería, pero tense visto de todo.

Outra vantaxe de crear e utilizar a conta de correo @alumnos.uvigo.es é o poder desfrutar de servizos como o *wifi* gratuíto (non só na UVigo, senón en campus doutras Universidades tamén; verémolo máis adiante) ou as listaxes de correo internas (verémolas máis adiante, tamén).

Nada máis chegar á UVigo, a túa conta de correo de estudante créase de forma automática. Só a terás que activar seguindo os seguintes pasos:

1. Obtén a túa conta de usuario na **Secretaría Online** (se aínda non o tes): na actualidade as contas de usuario da Secretaría créanse de forma automática para estudantes, así que debería chegar con que solicitases recuperar os teus datos de acceso.

2. Activa a túa conta de correo: a partir das contas de usuario da Secretaría, as contas de correo persoais créanse de forma automática polas noites, así que unha vez que teñas a túa conta de usuario da Secretaría deberás agardar unhas 24 horas para activar a túa conta de correo, que podes facer dende o *webmail* da Universidade de Vigo: http://correoweb.uvigo.es.
    a. Accede a "Axuda", na parte dereita da páxina.
    b. Identificarte co NIU e os datos de acceso á secretaría online (documento de identidade + NIU + clave de acceso secretaría online)

Para calquera problema, podes consultar o soporte do correo UVigo aquí: https://soporte.uvigo.es/documentacion/pages/viewpage.action?pageId=17892075

- Sincronización con *gmail*

Debemos comezar este apartado asegurándovos unha cousa: gmail non nos paga nin nos patrocina de ningunha forma. Simplemente é a plataforma de correo coa interface máis sinxela, e ademais a que máis estudantes utilizades como correo habitual.

A plataforma de correo da UVigo non é a mellor, e ademais non ten aplicación para ter o correo no teléfono. Como case tódolos teléfonos teñen a app de gmail xa instalada, veremos como sincronizar o noso correo @alumnos.uvigo.es co gmail para recibir todo o noso correo na mesma bandexa de entrada, así como para poder enviar mails dende a mesma app con diferentes direccións de correo.

- Configuración para mandar correos dende @alumnos.uvigo.es

As explicacións que imos dar son válidas para a configuración dende un ordenador, na app do móbil poderían cambiar lixeiramente os pasos.

Primeiro, temos que pinchar na icona do engrenaxe que aparece na parte superior dereita da bandexa de entrada de gmail; unha vez feito, pinchamos en *Configuración*. Alí veremos na parte superior unha serie de opcións, dámoslle a *Contas e importación*.

Abaixo podemos ver varias opcións de contas. Fixarémonos no apartado de "*Enviar correo como*", e dentro dese pinchamos en "*Engadir outro enderezo de correo electrónico*". Abrirásenos unha ventá nova, onde teremos que poñer o noso nome (nome completo, ou un alias) e o enderezo de correo dende o que queremos enviar e-mails dende a plataforma de gmail.

O seguinte paso pídenos unha serie de datos, que deberedes completar con:

Servidor SMTP:	smtp.alumnos.uvigo.gal
Porto:	587
Nome de usuario	Usuario de correo, sen a parte de @alumnos.uvigo.es. P.ex.: se o correo é delm@alumnos.uvigo.es, o nome de usuario será *delm*
Contrasinal	O teu contrasinal do correo uvigo
Conexión segura mediante:	TLS

O seguinte paso sería darlle a engadir conta. Despois, terás que entrar no servidor de correo da UVigo, comprobar a clave que che mandou gmail e introducila na ventá emerxente, darlle a verificar e xa terías a posibilidade de enviar correos dende o

enderezo @alumnos.uvigo.es, pero sen saír da bandexa de entrada de gmail. O único que tes que facer é, mentres escribes o correo, pinchar en "remitente" e escoller no despregable a dirección de correo dende a que o queres enviar.

- Configuración para recibir correos de @alumnos.uvigo.es

De novo, as explicacións que imos dar son válidas para a configuración dende un ordenador, na app do móbil poderían cambiar lixeiramente os pasos.

Primeiro, temos que pinchar no engrenaxe que aparece na parte superior dereita da bandexa de entrada de gmail; unha vez feito, pinchamos en Configuración. Alí veremos na parte superior unha serie de opcións, dámoslle a "Contas e importación".

Abaixo podemos ver varias opcións de contas. Fixarémonos no apartado de "Consulta correo doutras contas", e alí pincharemos en "Engadir unha conta de correo".

Abrirásenos unha nova ventá, onde teremos que ingresar o correo electrónico co dominio @alumnos.uvigo.es. Na seguinte ventá marcaremos "Importar correos electrónicos da miña outra conta (POP3)" e seguinte. Na ventá seguinte ingresaremos os datos da táboa inferior:

Nome de usuario:	Usuario de correo, sen a parte de @alumnos.uvigo.es. P.ex.: se o correo é delm@alumnos.uvigo.es, o nome de usuario será *delm*
Contrasinal:	O teu contrasinal do correo uvigo
Servidor POP:	pop3.uvigo.gal // Porto: 995
Empregar sempre unha conexión segura (SSL) para recuperar correo	☑
Marcar as mensaxes recibidas	☑

E xa está, agora recibiredes os mails do voso correo @alumnos.uvigo.es na vosa bandexa de gmail.

- *Wifi*

Para conectarte á *wifi* da Universidade precisas ter a conta @alumnos.uvigo.es (ou @uvigo.es).

Apareceranche varias redes ás que conectarte. Nós falarémoste das dúas da UVigo ás que te podes conectar:

- "Alumnos": é a rede destinada exclusivamente para o estudantado da UVigo. Cada vez que te conectes, terás que encher un formulario coa túa conta de correo electrónico (a de @alumnos.uvigo.es) e o teu contrasinal da conta de correo.
- "Eduroam": non é en realidade propiedade da UVigo, pois trátase dunha rede wifi para universitarios que funciona en todo o mundo. Polo tanto, poderás conectarte a ela esteas onde esteas, sempre que haxa unha Universidade preto. A conexión é similar á dun wifi habitual: terás que introducir a túa dirección de correo @alumnos.uvigo.es e a túa contrasinal, pero en vez de facelo nunha páxina web como no caso anterior, faralo directamente no dispositivo (móbil, PC, etc.); o contrasinal queda gardado, co que a conexión é automática o resto

de veces que te conectes. É, por tanto, máis cómoda, pero tamén ten máis usuarios co que pode colapsar de cando en vez.

Na sección *Rede Wireless* da web da Universidade de Vigo tes instrucións detalladas de cómo conectarte.

- **Faitic**

Oh, Faitic! Tedes moita sorte: o *Faitic* de agora non ten nada que ver coa monstruosidade de antes, que se colgaba cada semana e non deixaba descargar as cousas.

Faitic é unha plataforma online da Universidade de Vigo, onde podedes acceder co voso DNI e unha contrasinal, e onde o profesorado vos colgará todo o material docente (presentacións de clase, exercicios, guións de prácticas, etc.) que necesitaredes para superar as materias do grao. Tamén haberá materias nas que sexades vós quen teña que subir documentos a Faitic (exercicios, informes, traballos, etc.), pero xa vos explicarán como se fai iso cando o teñades que facer.

Recomendámosvos que calquera dúbida que teñades sobre Faitic lla preguntedes a algún membro de delegación de cursos superiores. Seguro que vos poden axudar sen problema!

- **Horarios**

Unha das cousas que máis adoita chocar aos estudantes de primeiro curso son os horarios do grao en Bioloxía. Non hai un horario semanal predeterminado, coma no instituto ou noutras carreiras, senón que vai cambiando de semana en semana.

Isto ten unha explicación sinxela: as clases prácticas nesta carreira son moi abundantes, pero implican ter laboratorios dispoñibles. Como compartimos laboratorios coas outras dúas carreiras de ciencias (Química e Ciencias do Mar), os coordinadores de curso teñen que facer auténticos malabares para cadrar ben os horarios.

O noso consello é que perdades un pouco de tempo en meter o voso horario nalgunha app de calendario, como por exemplo, *Google Calendar* (de novo, insistimos en que Google non nos paga por darlles publicidade). É moi sinxelo, pódense facer cambios con moita facilidade, e non se gasta papel!

Como aclaración xeral, dicirvos que na Universidade non hai trimestres, senón cuadrimestres. Teredes exames ao longo de todo o curso, pero a maior parte deles vánsevos xuntar nos meses de decembro-xaneiro (para o primeiro cuadrimestre) e maio-xuño (para o segundo).

Hai unha segunda convocatoria en xullo, por se suspendedes nalgún dos anteriores cuadrimestres. Se tamén suspendedes en xullo, tédesvos que volver matricular da materia ao ano seguinte, pero agora sairavos máis caro (a segunda matrícula dunha asignatura é máis cara que a primeira, a terceira aínda máis, e a cuarta aínda máis; despois xa se cansan de sangrarvos as contas bancarias e o prezo estabilízase).

1ª matrícula	2ª matrícula	3ª matrícula	4ª matrícula e posteriores
13,93 €/crédito	19,30 €/crédito	31,21 €/crédito	39,79 €/crédito

En base a estes prezos, unha asignatura habitual de 6 créditos ECTS que custa na primeira matrícula 83,58€ custará no cuarto curso que a repitades 238,74€. Así que, polo ben dos vosos petos (e o de vosos pais, seguramente), intentade levar tódalas materias ao día!

- **Elección de delegado/a**

Un paso importante no primeiro curso é a elección de delegado/a. Vindes do instituto, onde xeralmente a elección de delegado/a é un chiste, e nunca se toma en serio. Pero pensade nisto: na Universidade, estades en clases de 80 ou máis estudantes; ides necesitar a alguén que vos represente ante o profesorado, alguén que sexa bo/a comunicador/a e que consiga a confianza de quen vos vai poñer as notas ao final do cuadrimestre.

Pensádeo así: se queredes cambiar a data dun exame, que vos expliquen mellor os criterios de avaliación dun traballo, ou aclarar algunha dúbida sobre un exercicio de clase, ter un/ha bo/a delegado/a é moi importante. Debedes elixir a unha persoa educada, con labia pero que non sexa impertinente, e que se interese polo ben de toda a clase, non só polo seu propio; elixide a unha persoa que non cumpra estas características, e seguramente vos atoparedes con problemas ao longo do curso.

- **Plan de Acción Titorial: PAT**

Non nos imos parar moito co PAT, xa que é algo que vos explican sobradamente durante a semana cero.

O PAT consiste en ter reunións con un/ha titor/a que se vos asigna a principio da carreira. A priori, esas reunións son planificadas e están postas no horario, pero case sempre se poden cambiar se non vos ven ben. Además, se necesitades reunirvos co/a voso/a titor/a noutro momento ao longo do cuadrimestre, non vos van poñer ningún problema.

- **Comunicación dentro da clase**

Para favorecer a comunicación de ideas entre os/as compañeiros/as de clase, deberiades polo menos crear un grupo de *Whatsapp* e unha carpeta compartida online (*Drive*, *Dropbox*, etc.). Isto facilitará que poidades acordar con máis rapidez cambios no horario ou queixas a profesores/as, e tamén que poidades compartir **documentos** con maior facilidade.

Un consello que vos podemos dar despois de anos de experiencia é que é moi positivo ter bo rollo en clase. Seravos moito máis sinxelo tomar decisións se todos vos levades ben!

FACULTADE DE BIOLOXÍA: ONDE ESTÁ CADA COUSA?

- **Mapas**

Ao final desta guía atoparedes un mapa xeral do CUVI cos lugares máis importantes sinalados, así como un mapa xeral da Facultade de Bioloxía co que máis ou menos vos iredes orientando ao principio. Esperamos que co tempo xa non os necesitedes.

- **Servizos administrativos**

    - Decanato

En decanato atoparedes á secretaria do decano (Yolanda) en horario de 9 a 14h. De cando en vez está o decano, pero habitualmente a el podédelo atopar no seu despacho (Bloque A, Planta 2, LI31).

Alí teredes que ir para cousas como reservar aulas (para, por exemplo, ter unha reunión de clase, ou para practicar unha presentación dun traballo), ou para trámites relacionados co TFG, entre outros.

    - Vicedecanato

En vicedecanato poderedes atopar á secretaria e ás vicedecanas. Como todas elas son investigadoras, moitas veces estarán nos seus despachos/laboratorios en vez de en vicedecanato.

Mercedes Gallardo Medina	Vicedecana de Calidade e Innovación	Bloque A, Planta 1, LI17 medina@uvigo.es
Manuel Ángel Pombal Diego (Peque)	Vicedecano de Relacións Externas e Actividades Culturais	Bloque A, Planta 2, LI26 pombal@uvigo.es
Fuencisla Marino Callejo (Pachila)	Vicedecana de Estudantado e Coordinación Académica	Bloque B, Planta 2, D47 mmarino@uvigo.es
Aida Mª García Molares	Secretaria da Facultade	Bloque C, Planta 2, D41 molares@uvigo.es

    - Conserxería

A conserxería é a onde tedes que ir buscar os vosos obxectos perdidos, avisar de calquera defecto nas infraestruturas da Facultade ou ir pedir as chaves dalgún aula (previo aviso a decanato).

As conserxes van pola mañá a abrir as aulas, e ao mediodía a pechar aquelas que non estean reservadas con anterioridade. É por iso importante que, se queredes utilizar un aula pola tarde, a reservedes previamente en decanato para que non a pechen.

Ao finalizar o día lectivo (arredor das 20.45h, máis ben), tamén son elas quen van pechar tódalas portas, tanto das aulas como dos accesos á Facultade dende o exterior. Pero tranquilos, as portas abren tamén dende dentro (case todas) co que quedar non ides quedar encerrados!

- **Cafetería e comedor**

A estes lugares ídeslle sacar moitísimo partido. A cafetería está na planta baixa, cara o lado oposto dos corredores dos bloques A, B e C; podedes entrar dende dentro da Facultade ou dende o patio. O comedor, pola súa banda, está xusto enriba da cafetería.

En ambos sitios tendes a opción de mercar a comida, pero tamén de traer a vosa comida de casa e quentala nos microondas que teñen. Hai moitas mesas en ambos sitios nas que vos podedes sentar a comer, e se fai bo tempo incluso poñen mesas fóra.

O horario da cafetería é de 8.30h a 18.00h, mentres que o do comedor é de 13.00h a 16.00h.

- **Bloques de aulas e laboratorios**

A nosa Facultade é algo estraña, no sentido de que hai unha serie de bloques e nunca sabes moi ben se estás en Bioloxía ou en Ciencias do Mar. A realidade é que non hai unha división entre ambas, co que é cuestión de acostumarse a saber onde está cada aula e cada laboratorio, e intentar orientarse como poidades. A maior parte das clases teóricas, se non todas, as ides ter na aula que vos asignen no bloque B, non obstante.

Podedes atopar a ubicación de cada bloque no mapa que vos facilitamos ao final deste manual.

- **Biblioteca**

A biblioteca é un sitio no que tamén ides pasar bastante tempo. Xa sexa para buscar información para facer traballos, ou para estudar, é un espazo tranquilo (habitualmente) no que non ides ter interrupcións.

Para poder coller libros en préstamo, tedes que ter a tarxeta universitaria (TUI, da que falamos anteriormente). Podedes coller en préstamo ata un máximo de 5 libros, que deberedes devolver en 14 días laborables. No caso de que vos esteades aproximando a esa data, mándanvos un correo de aviso para que os devolvades.

En caso de non devolvelo, a sanción é de 1 día de prohibición de préstamo por cada día de atraso na devolución.

Además da explicación que vos dan en primeiro sobre a Biblioteca os propios traballadores da mesma, aquí tendes un titorial sinxelo e visual sobre tódolos servizos que ofrecen:

http://sp.bugalicia.org/vig/subjects/guide.php?subject=alumnadonovo#box-1057

Tedes además un servizo online para reservar libros e renovar préstamos: http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es/search*gag/

- **Reprografía**

Atoparédela no bloque de Química, na planta baixa ao lado da Delegación de Estudantes de Química. Alí poderedes facer fotocopias, imprimir apuntamentos, mercar material de oficina, etc.

- **Salón de actos, salón de grados, sala de xuntas**

O salón de actos é o máis sinxelo de atopar dos tres: está no *hall* da Facultade, ao entrar á dereita. Alí se fan numerosas conferencias e actividades; é un sitio frío, levade chaqueta.

O salón de grados é algo máis complicado de atopar: está no bloque de ciencias do Mar, no terceiro piso, pero en troques de estar á esquerda da escaleira (como os laboratorios e despachos) está no descansillo, á dereita. É unha sala cunha porta pequena e pouca capacidade. Alí ás veces celébranse reunións, deféndense teses de doutoramento ou se organizan charlas específicas ás que se sabe que vai ir pouca xente.

Por último, está a sala de xuntas. A ela accédese dende o corredor que leva ao comedor, está xusto á dereita da porta do mesmo. Alí celébranse as reunións das comisións da Xunta de Facultade, así como certas reunións importantes. Durante o grado, o normal é que non vaiades nunca alí salvo que sexades representantes de estudantes.

OCIO NO CUVI: NON TODO VAI SER ESTUDAR, NON?

Se algo podemos asegurar, é que na Universidade se te aburres é porque queres. Dende obradoiros presenciais a cursos online, concertos gratuítos, conferencias, deportes, voluntariado... sempre hai algo que facer!

Neste apartado, resumirémosvos as diferentes opcións de actividades extraacadémicas que poden axudarvos a engrosar o voso currículo, e ás diferentes opcións de ocio que teredes durante o curso no CUVI e na cidade de Vigo.

- **Bubela**

É unha plataforma da UVigo na que se colgan moitos cursos (a maior parte online), algúns gratuítos e outros de pago.

Son cursos moi sinxelos, pero de temáticas interesantes como os da Área de Normalización Lingüística (redacción de traballos de investigación, redacción de documentos administrativos, corrección de textos usando as TIC, etc.). Moitas veces, ter este tipo de cursos é o que vos dá unha vantaxe na busca de emprego ou á hora de pedir unha bolsa de traballo. Recomendámosvos que vos anotedes a algún, especialmente aos que son gratuítos.

Podedes acceder a Bubela dende o seguinte enlace: https://bubela.uvigo.es/bubela/publico/publico.php

- **Extensión Universitaria**

Extensión Universitaria é o órgano da UVigo encargado da organización de actividades, eventos, cursos de formación, etc. Entre outros, organizan:

  - Obradoiros

Son talleres cuadrimestrais que adoitan durar 30h e polos que obteredes créditos ECTS. Sempre hai algún de temática biolóxica, como os obradoiros de identificación e cultivo de cogomelos que se levan organizando durante anos, ou os de horta ecolóxica ou identificación de plantas salvaxes comestibles. Teñen un prezo moi reducido para a comunidade universitaria, e de novo poden darvos unha vantaxe á hora de atopar emprego.

Podedes consultar os obradoiros e demais cursos no seguinte enlace: https://www.uvigo.gal/campus/cultura/obradoiros-outros-cursos

  - Concertos, teatro, etc.

A Universidade de Vigo ten unha área de Cultura que organiza periodicamente ciclos de concertos, de obras de teatro, etc. Tamén contan co programa "Ensaiamos", polo que grupos de estudantes que o desexen poden pedir praza no teatro da Cidade Universitaria para ensaiar, ou unirse a grupos de estudantes xa existentes. Tamén existe no campus de Vigo un coro universitario e un grupo de música tradicional, ambos abertos aos e ás estudantes que neles queiran participar.

Para coñecer a programación cultural da UVigo, visitade a web: https://www.uvigo.gal/campus/cultura/. Nela atoparedes dende a programación teatral, de danza e de música ata como inscribirse no coro, no programa ensaiamos, etc.

- Conferencias

Moitas veces, organízanse ciclos de conferencias fora da nosa Facultade que poden ser interesantes para nós. Dende a Delegación pasarémosvos a información que nos vaia chegando neste sentido.

As conferencias non deixan de ser charlas sobre temas específicos, que non se dan nas aulas e das que podedes aprender moito. Ás veces incluso son foros nos que podedes facer contactos, que vos poden servir nun futuro para a realización do TFG, TFM, tese de doutoramento ou incluso para buscar emprego!

- **Deportes**

O servizo de deportes da Universidade de Vigo organiza múltiples actividades deportivas para o estudantado: ligas universitarias, rutas culturais, adestramento personalizado, viaxes á neve, entre outras.

Además, as súas instalacións están dispoñibles para o estudantado que as desexe reservar. Tamén teñen abonos para un cuadrimestre ou un curso completo, para utilizar os seus servizos de ximnasio, piscina, etc.

Toda a información sobre o servizo de deportes en: https://www.uvigo.gal/campus/deporte

- **Voluntariado**

Para os socialmente conscientes, a UVigo conta cun servizo de voluntariado no que calquera estudante se pode apuntar.

Quizais para vós o máis interesante será o voluntariado medioambiental da Oficina de Medio Ambiente. Entre as actividades do voluntariado destacan: erradicación de especies invasoras, educación ambiental e censo de poboacións de organismos no CUVI.

O voluntariado adáptase ao horario do/a estudante, e por cada 30h de voluntariado recoñecerase 1 crédito ECTS.

Para máis información sobre as convocatorias abertas de voluntariado da UVigo, visita: https://www.uvigo.gal/campus/voluntariado-cooperacion

- **Centro de Linguas: idiomas**

A UVigo conta cun centro especializado na formación en idiomas para a comunidade universitaria: o Centro de Linguas. A súa sede está na Facultade de Filoloxía e Tradución, pero imparten clase tamén na sede cidade da Escola de Enxeñería Industrial (Torrecedeira, vaia).

No centro de linguas impártense cursos de diferentes niveis de inglés, francés, portugués, italiano, alemán, persa, árabe, lingua de signos, xaponés, ruso e chinés. Os

cursos son habitualmente cuadrimestrais, cun exame ao final para avaliar o nivel obtido polo/a estudante. Dependendo do idioma, haberá maior ou menor oferta de niveis. En inglés por exemplo ofrecen ata un C1, mentres que en italiano ofrecen ata un nivel básico A2.

Tamén ofrecen cursos de preparación para os exames de Cambridge, TOEFL e DELE, así, como cursos de conversa e pronuncia en inglés e francés.

Ofrecen ademáis a opción de presentarse aos exames de nivel por libre, previo pago das taxas correspondentes.

Para máis información, accede a: https://cdl.uvigo.es/idiomas.php?idioma=gl

- **Transporte**

Debido á orografía do CUVI, e especialmente ao feito de que Bioloxía está na parte máis baixa de todo, a nós énos moi útil o servizo de transporte circular do CUVI.

Trátase dunha furgoneta que se identifica ben por levar un cartel que pon "CIRCULAR" por adiante.

O percorrido que realiza é:

1. → **Residencia de Estudantes**
2. → **Servizo de Deportes**
3. → **Zona Comercial / Piscina**
4. → **Facultade de Filoloxía e Tradución**
5. → **Facultade de CC. Económicas e Empresariais**
6. → **Facultade de CC. Xurídicas**
7. → **Facultade de Ciencias (2 paradas: Química e Bioloxía)**
8. → **ETSE Industriais e ETSE Minas**
9. → **ETSE Telecomunicación**
10. → **Praza Miralles***

Horas de saída dende a Residencia de Estudantes:

08.50	**09.00**	**09.50**	**10.00**	**10.50**	**11.00**
11.50	**12.00**	**12.50**	**13.00**	**13.50**	**14.00**

* As paradas en Praza Miralles son un servizo especial que ten lugar dende as 12.00h ata as 14.30h.

Para collelo, tedes que facerlle un xesto ao condutor, se non non para.

COMUNICACIÓN: COMO ME ENTERO DO QUE PASA NO CUVI?

Un problema importante é que hai tantas cousas pasando na Universidade que ás veces é complexo enterarse de todo. Dende a Delegación, intentamos remitirvos toda a información que consideramos que pode ser do voso interese.

- **Listaxes de correo**

As listaxes ou listas de correo da UVigo son servizos de envío de correos cunha temática concreta a un grupo de persoas amplo. Por exemplo, se che interesa obter información sobre empregos no ámbito das ciencias, deberías subscribirte á listaxe de correo de "area_*emprego-cientifico*".

Subscribirte a unha listaxe de correo é tan sinxelo como enviar un correo sen asunto nin corpo da mensaxe a **[nomedalista]-join@listas.uvigo.es**.

Por exemplo, para subscribirvos á lista de distribución de información útil para o estudantado de bioloxía (becas, ofertas de traballo, cursos gratuítos, conferencias), deberiádesvos subscribir á lista "*estudantesbio*"; para iso, só tedes que enviar un correo en branco (repetimos, sen asunto nin corpo de mensaxe) a **estudantesbio-join@listas.uvigo.es**. É moi sinxelo, e podédesvos subscribir a tantas listas como desexedes; tamén poderedes borrarvos delas en canto queirades.

Para consultar tódalas listas de correo da UVigo ás que vos podedes inscribir, visita: https://listas.uvigo.es/mailman3/postorius/lists/

- **Redes sociais**

Hai diversos servizos da UVigo que teñen RR.SS. que vos poden servir de utilidade. Dous deles son a Facultade de Bioloxía (https://www.facebook.com/Facultade-de-Bioloxia-Universidade-de-Vigo-727849693924389/) e a Delegación de estudantes (https://www.facebook.com/Delegaci%C3%B3n-de-Biolog%C3%ADa-Lynn-Margulis-574319265935876/).

Tamén a OMA (https://www.facebook.com/OMAUvigo/) pode ser de interese, se queredes saber máis sobre o medio ambiente no campus de Vigo. A propia Universidade de Vigo ten tamén Facebook (https://www.facebook.com/uvigo/).

Por último, o Consello de Estudantes informa a través das súas RR.SS. das novidades a nivel de política estudantil dentro da UVigo e a nivel estatal (https://www.facebook.com/consellouvigo/)

- **Taboleiros de anuncios**

Tedes no corredor das aulas (Bloque B, planta baixa) unha serie de taboleiros. Algúns deles son exclusivamente para poñer publicidade, pero outros (como o da Delegación, que está enfronte da aula de delegación; ou o da Facultade, ao principio do corredor) serven para colgar información de interese para vós. Botádelle un ollo de cando en vez, podedes atopar cousas importantes!

REPRESENTACIÓN: COMO FAGO VALER OS MEUS DEREITOS?

A Universidade de Vigo, como o resto de Universidades españolas, está composta por tres estamentos básicos: **PAS** (Persoal de Administración e Servizos: secretaría, administrativos, conserxes, contables, etc.); **PDI** (Persoal Docente e Investigador: profesores, investigadores e doutorandos con contratos); e **estudantado** (nós).

Como en calquera faceta da vida, cada un destes tres estamentos intenta que a Universidade mellore na dirección que eles consideran adecuada. Non obstante, ás veces hai decisións que se toman sen ter demasiado en conta a opinión do estudantado. Ademáis, nós partimos cunha desvantaxe importante: así como o PDI e o PAS non cambian case nada co paso do tempo, o estudantado cambia radicalmente tódolos anos.

É por iso que é imprescindible contar cuns/has bos/as representantes que consigan o obxectivo que todos temos en común: que a nosa educación sexa a mellor posible. A continuación veremos en que órganos oficiais da Universidade podemos ter representación, e para que vale cada un deles.

- **Delegacións de estudantes**

As delegacións de estudantes son o eslabón máis básico de representación estudantil. Tódalas Facultades teñen unha (salvo algunhas excepcións), na que os e as estudantes se reúnen en asemblea para intentar mellorar o ambiente estudantil do seu ámbito, ben organizando actividades, arranxando os problemas que poidan xurdir co profesorado ou resolvéndose as dúbidas entre si.

Falaremos máis adiante en profundidade da Delegación de Estudantes Lynn Margulis, da nosa Facultade.

- **Consellos de departamento**

A actividade investigadora e docente da Universidade agrúpase en departamentos, con profesorado (e investigadores non-profesores) de ámbitos afíns. Por exemplo, na nosa Facultade existen os departamentos de **Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo**, ou o de **Ecoloxía e Bioloxía Animal**, ou o de **Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía**, entre outros. Cada departamento reparte entre os seus membros a docencia das diferentes materias adscritas ao seu ámbito de coñecemento como considere (ou teña estipulado na súa normativa); para iso, existe un consello de departamento que regula este tipo de accións.

As funcións dos consellos de departamento son distribuír os orzamentos do departamento, pedir material e recursos para levar a cabo a actividade dos seus membros, repartir a docencia entre o PDI adscrito e realizar a revisión da avaliación daqueles estudantes que o pidan expresamente (porque non están de acordo coa cualificación obtida, ou por calquera outra razón), entre outros.

O estudantado ten que elixir 2 estudantes para cada consello de departamento, entre tódolos/as estudantes das Facultades ás que cada departamento está adscrito. Avisarásevos cando haxa eleccións, para que presentedes as vosas candidaturas.

- Xunta de Facultade

A Xunta de Facultade é o máximo órgano de representación que temos en todo o que se corresponde coa Facultade. Nel, o estudantado ten un total de 10 representantes entre grao e mestrado.

Convócase en Asemblea varias veces ao longo do curso, dúas ou tres veces nun curso académico habitual. Discútense nela diversos temas de interese para a Facultade; algúns temas importantes para o estudantado son a aprobación dos horarios e as guías docentes, o premio ao mellor expediente do grao, eleccións de representantes en diversos órganos, etc.

A aprobación das guías docentes e os horarios do curso seguinte faise a finais de xuño-principios de xullo do curso anterior. Días antes envíanse aos membros da Xunta de Facultade, incluídos os estudantes, para que fagan as revisións correspondentes; se considerades que algo debe ser cambiado, falade cos/as vosos/as representantes e eles transmitirán a queixa á Xunta de Facultade, para poder cambiala (é deste xeito que as cousas van mellorando co paso do tempo).

Da Xunta de Facultade derívanse varias comisións: son órganos máis reducidos nos que se toman decisións máis específicas. O estudantado tamén ten representación nelas, elixidos entre os representantes da xunta de Facultade. As comisións aparecen e desaparecen, pero algunhas que se manteñen no tempo son:

- **Comisión permanente**: as súas funcións son asesorar ao decano naquelas cuestións que o requiran, así como decidir sobre asuntos de trámite que non procede tratar en Xunta de Facultade. Hai 2 estudantes representantes nesta comisión.
- **Comisión de Docencia e Validacións**: nela trátanse tódolos asuntos relativos a conflitos na docencia, propóñense os calendarios de exames, comproban horarios e guías docentes, crean os criterios de avaliación das teses, e levan as convalidacións de materias.
- **Comisión de Garantía de Calidade**: comproba que o sistema de garantía de calidade da Facultade de Bioloxía funcione correctamente, mediante o seu seguimento contínuo. Nela temos 5 representantes de estudantes, entre grao, mestrado e doutoramento.
- **Comisión de Traballo Fin de Grao:** é a comisión que trata tódolos temas relacionados co TFG, tanto a aprobación dos proxectos de TFG como do regulamento que os rexe. Temos 2 representantes de estudantado.
- **Comisión de Actividades Culturais**: coordina todo tipo de actividades relacionadas coa dinamización cultural da Facultade, especialmente a coordinación de actividades para San Alberte. Contamos con 2 representantes nesta comisión.
- **Comisión de Avaliación por Compensación**: son os que avalían as solicitudes de avaliación por compensación (un procedemento grazas ao cal un estudante, se só lle queda unha ou unhas poucas materias pendentes, e unha delas xa ten pasado varias convocatorias, se lles aproba por compensación **sempre que cumpra os requisitos da normativa vixente**).

- **Claustro Universitario**

O Claustro é o maior órgano de representación e decisión da Universidade de Vigo. Cada sector de cada Facultade ten representación (PDI, PAS, estudantado, etc.); a nosa Facultade ten 3 estudantes representantes no claustro.

Nas reunións do claustro discútense temas transcendentes para a Universidade, como plans estratéxicos, asuntos económicos, novas actividades e departamentos, etc. Tamén no claustro hai comisións: comisión de investigación (para tratar asuntos como as bolsas de doutoramento, axudas para proxectos, etc.), comisión de bolsas (na que se resolven bolsas como as comedor, as de circunstancias especiais, etc.) e outras.

Ao igual que no caso dos consellos de departamento, avisarásevos cando haxa eleccións a Claustro Universitario.

DELEGACIÓN DE ESTUDANTES: AXUDANDO AO ESTUDANTADO

A Delegación de Estudantes Lynn Margulis está composta de todo o estudantado da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo. Para inscribirte como membro activo, só tes que pasar pola aula de delegación e cubrir o formulario correspondente.

Como membro activo, tes dereito a organizar actividades así como de participar con voz **e voto** nas asembleas de delegación. Estas celébranse cada dous meses aproximadamente, e nela pode participar calquera estudante; non obstante, os membros non-activos (calquera estudante de bioloxía que non estea inscrito como membro activo) poden participar con voz pero sen voto.

A continuación, explicarémosvos algunhas das funcións de delegación e as actividades máis importantes que levamos a cabo:

- **Préstamos**

Dende a delegación, ofrecemos o servizo de préstamo de material para os estudantes da Facultade de Bioloxía. Concretamente ofrecemos o préstamo de **regletas**, **batas de laboratorio** e **calculadoras**.

Parécenos importante lembrarvos que este préstamo non está para que non merquedes batas nin calculadoras; non hai para tódolos/as estudantes. O préstamo de material está para suplir un día que se vos puido esquecer a calculadora, ou o día que botedes a lavar a bata.

Gustaríanos que ningún de vós se quede sen poder facer unhas prácticas ou tendo que repetir unha asignatura por culpa dun despiste, pero canto máis abusedes deste servizo peor funcionará.

Con respecto ás regletas, este préstamo existe para suplir a falta de enchufes nas aulas. Quizais en primeiro non usedes moito o ordenador (pese a que volo recomendamos: é moi útil para tomar apuntamentos dun xeito máis eficiente), pero a partir de segundo ídelo usar constantemente e ides necesitar enchufes.

A normativa de préstamo está colgada no taboleiro de Delegación. Basicamente, cando necesitedes este material ides á aula de delegación, asinades o papel de préstamo correspondente e tedes un período de préstamo (entre 1 e 3 días). Pasado ese tempo, tedes que devolver o material ben na aula de Delegación, ben no buzón nº3. De non facelo, comezarán a aplicarse as sancións correspondentes.

Además de batas, calculadoras e regletas, en delegación temos material de oficina que pode ser de utilidade, como encuadernadora (se traedes espirais e tapas podedes encuadernar os vosos apuntamentos sen problema), cizallas de papel (para cortar folios), tesoiras, pegamento, etc. Sempre que o utilicedes coa supervisión dun membro activo de delegación, non temos problema en deixárvolo.

- **Asignación de taquillas**

A Delegación é a encargada de asignar a cada estudante unha taquilla das dispoñibles no corredor de aulas do bloque B.

Para iso, só tedes que ir á aula de delegación, cubrir o documento de préstamo de taquillas e escoller a que vos interese. De estar ocupada a taquilla dende o ano anterior (e unha vez pasado un período de gracia no que se avisa ao anterior dono para baleirala), romperase o cadeado e baleirarase para que se poida usar de novo.

Ao final de cada curso académico elimínanse tódolos documentos de asignación de taquillas, co que deberiades baleiralas se non queredes perder o voso cadeado ao inicio do curso seguinte.

Importante! Necesitades traer o voso propio cadeado, iso nós non o prestamos :)

- **Actividades**

Ao longo do curso, a delegación organiza diferentes actividades de dinamización do estudantado de bioloxía. Entre elas:

- **DivulGate**: trátase dun ciclo de conferencias nas que se lles da a oportunidade aos estudantes de presentar un traballo de clase ou un tema que lles interese, coa finalidade de que poidan practicar as súas habilidades oratorias. Son conferencias de estudantes a estudantes, nas que o público avalía anonimamente cada presentación para que os conferenciantes saiban onde poden mellorar.
- **Concurso de debuxo biolóxico**: faise coincidir coa festividade de San Alberte, o patrón da Facultade.
- **Outras actividades**: charlas informativas, divulgativas, etc.

- **Clubs**

Os Clubs son grupos de persoas cun interese común nalgún campo da bioloxía. Se tes algún interese específico, e che apetece crear un club, o único que tes que facer é apuntarte a delegación, traernos a idea e nós apoiarémolo con publicidade, infraestrutura e todo o que co noso presuposto e man de obra poidamos.

Actualmente hai tres clubs activos: o **club de herpetoloxía** (onde se fan saídas de campo e charlas sobre réptiles), o **club de micoloxía** (con saídas de campo e charlas sobre fungos, especialmente macromicetos) e o **club de ornitoloxía** (para afeccionados ás aves).

- **Comunicación**


Inscribíndovos á lista de *estudantesbio* (escribindo un correo sen asunto nin corpo de mensaxe a estudantesbio-join@listas.uvigo.es) poderedes estar ao tanto de toda a información que vos interesa en relación a ofertas de traballo, becas de formación e estudo, charlas, cursos gratuítos, e demais información que nos vai chegando e que nos filtramos para adaptala aos vosos intereses.

É interesante que vos inscribades a esta lista: é o modo que temos de contactar convosco e de que non vos perdades ningunha convocatoria importante.

Ademáis, temos o noso enderezo de correo electrónico (delm@uvigo.es) aberto a calquera consulta, queixa, suxerencia que nos queirades facer. Tamén atendemos ás vosas propostas, xa sexa de compra de material, organización de actividades, etc.


Campus Universitario
As Lagoas - Marcosende

1. Facultade de Bioloxía e CC. do Mar
2. Facultade de Química
3. ETSE Industriais
4. ETSE Minas
5. ETSE Telecomunicacións
6. Facultade de CC Xurídicas e do Traballo
7. Facultade de CC. Económicas e Empresariais
8. Facultade de Filoloxía e Tradución



9. CACTI e CINBIO
10. CITEXVI
11. Edificio Miralles
12. Edificio Filomena Dato
13. Edificio Exeria (Rexistro)
14. Reitoría
15. Biblioteca Central
16. Residencia Universitaria
17. Centro Comercial
18. Deportes

CIENCIAS EXPERIMENTAIS



DELEGACIÓN DE ESTUDANTES LYNN MARGULIS

Corredor de Bioloxía (Bloque B, planta baixa)

☎ 986 818 735

✉ delm@uvigo.es